



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

INSTRUCCIÓN Nº 3

PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN POLOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL PESQUEIRA (GALP)

En tanto que entidades que xestionan fondos públicos -cofinanciados pola UE-, a contratación de asistencias técnicas, obras, subministracións, ou calquera outro tipo de contrato que efectúen os GALPs, diferente á contratación en réxime laboral, debe realizarse con suxeición a **procedementos que**, de maneira análoga aos poderes adxudicadores públicos, aseguren os principios que inspiran a lexislación vixente sobre **contratación pública**, e se axusten aos Regulamentos comunitarios de aplicación e ás orientacións da Comisión Europea en relación co bo uso dos Fondos e a prevención do fraude.

A cláusula décima sétima do Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e os GALPs establece as regras e principios xerais que rexerán en materia de contratación. Ademais, no seu punto c) establece que nesta materia se estará ao disposto polas instrucións concretas que emita o organismo intermedio de xestión.

Polo exposto, dítase a seguinte **INSTRUCCIÓN**:

A) Principios xerais

As presentes instrucións establecen actuacións e prácticas contractuais que garantan a **liberdade de acceso**, a **transparencia**, a **igualdade de trato** e a **non discriminación** entre candidatos a contratistas dos GALP, para asegurar o **control real do gasto** e unha **eficiente utilización dos fondos**, mediante a **esixencia da definición previa, precisa e acaída das necesidades a satisfacer**, a **salvagarda da libre competencia** e a **selección da oferta economicamente máis vantaxosa**. Ademais nas diversas actuacións respectaranse os **requisitos de publicidade** esixidos pola UE en relación coa xestión do FEMP, asegurando que ditos requisitos se cumpran en toda a documentación relativa ao procedemento de contratación.

Sen prexuízo do anterior, de maneira coherente coa súa natureza de impulsores do desenvolvemento local, e no marco da legalidade vixente, os GALP perseguirán mediante a súa actividade contractual o **fomento das pequenas e medianas empresas** presentes no seu ámbito territorial, así como unha **contratación ecolóxica e socialmente responsable**.

As presentes instrucións adáptanse ás características específicas dos GALP e, en consecuencia, céntranse unicamente nas **modalidades e rango de contías máis comúns para as contratacións necesarias** na execución dos convenios de colaboración entre a Consellería do Mar e os GALPs, asinados para a aplicación das correspondentes Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), isto é: **contratos de servizos e de subministracións inferiores a 60.000€**, así como **contratos menores de obra (de menos de 50.000€)**. Para situacións distintas dítanse instrucións especiais en cada caso.

B) Procedemento a seguir no caso dos contratos menores de obras que superen os 25.000€ e no resto de contratos menores (servizos e subministracións) que superen os 9.000€

Nos contratos de obras cun importe superior a 25.000€ e menor de 50.000€, así como no resto de contratos cun importe superior a 9.000€ e menor de 18.000€ (IVE non incluído en ningún



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (Incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

dos casos), procederáse de acordo ao seguinte:

1. Elaboración dunha Memoria Xustificativa Inicial (ANEXO I)

Elaborarase unha memoria da Xerencia, co visto e prace da persoa que exerza a presidencia do GALP, no que se fará mención expresa, sucinta e clara do seguinte:

- a) A natureza da necesidade que xustifica o gasto.
- b) A pertinencia e coherencia desa necesidade en relación coa Estratexia Local de Desenvolvemento Local Participativo aprobada (En relación cos seus obxectivos, medios, plan de acción, etc).
- c) A proporcionalidade entre a necesidade e o gasto a realizar (considerando, se fose o caso, outros posibles modos de satisfacela), con referencia á imposibilidade de satisfacer a necesidade descrita cos medios propios do GALP.
- d) Unha estimación inicial do custo, considerando os prezos do mercado.

2. Especificacións técnicas

Elaborarase unha descrición técnica básica das características da obra, servizo ou produto(s) a adquirir, asinado pola Xerencia. Estas especificacións técnicas serán públicas e accesibles na páxina web da Consellería do Mar sobre os GALP, cando menos quince días antes da finalización do prazo que se estableza para admisión de propostas. Dependendo do tipo de contratación farase a mención necesaria e precisa a: cantidades, calidades, requisitos, condicións de entrega, garantías, mantemento post-venda, prazo de presentación ou entrega, lugar de realización e cantos detalles se consideren oportunos.

3. Invitación aos contratistas

3.1. **Oferta a tres:** Cursarase invitación, sempre que sexa posible, cando menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato e non vinculadas entre si, preferentemente do ámbito territorial do GALP. No caso de imposibilidade da concorrencia xustificárase esta nun informe asinado pola xerencia, co visto e prace da persoa que exerza a presidencia do GALP.

3.2. **Reserva social de certas contratacións:** Por decisión da directiva do GALP poderá reservarse a invitación a participaren en determinados contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción socio-laboral do seu ámbito territorial, sempre que as prestacións contratadas estean comprendidas dentro do obxecto ou ámbito de actividade previstos nos seus estatutos ou regras fundacionais. Son susceptibles desta reserva os obxectos contractuais citados na alínea segunda do artigo 26 da Lei galega 14/2013, do 20 de decembro, de racionalización do sector público autonómico¹. A reserva menciónarase no título do publicado na páxina web da Consellería do Mar sobre os GALP.

3.3. Xunto coa invitación enviarase ás empresas a descrición das especificacións técnicas citada no punto 2, ou ben, a indicación do sitio web onde poder consultalas. Ademais remitirase un formulario de declaración responsable de

¹ Os obxectos contractuais susceptibles de reserva serán as obras e os servizos de conservación e mantemento de bens inmobles, os servizos de conserxaría, mensaxaría e correspondencia, os servizos de xardinaría e forestal, de artes gráficas, de limpeza e lavandaría, de restauración, de recolla e transporte de residuos, de fabricación de roupa de traballo e servizos e de subministracións auxiliares para o funcionamento do sector público. Os órganos de contratación poderán ampliar a reserva a outros obxectos contractuais atendendo á súa adecuación ás prestacións dos centros e das empresas a que se refire este artigo



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

(non)vinculación entre empresas e adecuación do obxecto social (ANEXO II).

4. Prazo

O prazo de presentación de ofertas será o razoablemente necesario para preparalas, atendida a complexidade do contrato.

En todo caso, para produtos estandarizados e directamente accesibles no mercado ao por menor, ese prazo será como mínimo de **cinco días naturais contados desde o día seguinte ao de recepción da oferta.**

Para produtos ou servizos que impliquen deseño e adaptación ás circunstancias ou ás prescricións particulares do GALP, o prazo mínimo será de **quinze días naturais.**

5. Adjudicación

Elaborarase unha **resolución da xerencia do GALP** co visto e prace da presidencia adjudicando o contrato á oferta economicamente máis vantaxosa. Na resolución constará a relación de ofertas recibidas. No caso excepcional de non adjudicar á mellor oferta económica deberá xustificarse de maneira razoada atendendo aos criterios previstos na **Memoria Xustificativa Inicial**

6. Execución, xustificación e pagamento

O GALP supervisará a correcta execución por parte da empresa do pactado na fase de presentación de ofertas e expedirá un **breve informe final de conformidade.**

A factura, conforme cos requisitos legais, expedida pola empresa adjudicataria será o documento esixible para a xustificación e o pagamento.

C) Procedemento a seguir no caso dos contratos de subministración e servizos de contía maior de 18.000€ e menores de 60.000€

1. Forma de adjudicación

Con carácter xeral, para a adjudicación do tramo de contratos aquí referidos, empregarase un **procedemento aberto.**

2. Preparación da adjudicación mediante procedemento aberto

A persoa que ocupe a xerencia do GALP asinará, co visto e prace da presidencia, unha **Memoria Xustificativa Inicial** que conteña, cando menos, todos os elementos incluídos no modelo do Anexo I.

Aprobaranse pola Xunta Directiva do GALP, a proposta da Xerencia:

- as **prescricións técnicas (PT) descritivas do produto ou servizo obxecto da contratación;**
- e as **bases de contratación (BC);**

Unha vez aprobadas as PT e as BC, publicaranse na páxina web da Consellería do Mar sobre os GALP, xunto co anuncio de contratación.

Unha vez publicada a licitación na web do GALP, **publicaranse dous anuncios no xornal ou xornais de maior tirada no seu territorio.**

Establécese un **prazo mínimo de presentación de ofertas de vinte días naturais** desde o día seguinte a aquel no que se produza a última inserción en prensa. Este prazo mínimo



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (Incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

pódese ampliar a criterio do GALP para favorecer a calidade das ofertas e a mellor concorrencia entre elas.

As bases de contratación integrarán, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) **Definición e obxecto do contrato.**
- b) **Datos de identificación do GALP como entidade contratante**
- c) **Prazo de execución e mención, se procede, á posibilidade de prórrogas**
- d) **Documentación esixida ás empresas licitadoras. A este respecto poderase optar, e así indicalo nas bases, pola contratación simplificada, de maneira que na primeira fase se exima ás empresas licitadoras de presentar toda a documentación e se substitúa esta por unha declaración responsable comprensiva do cumprimento de todos os requisitos esixidos nas bases de contratación, entre os que se atopará a non-vinculación entre empresas concorrentes no mesmo procedemento e a adecuación do obxecto social.**
- e) **Cales son as condicións de solvencia, se é o caso, esixidas ás empresas. Aspectos como un determinado tipo e/ou un mínimo de experiencia, un mínimo de medios persoais ou materiais, un determinado currículo empresarial, ou coñecemento acreditado da materia ou territorio, e calquera outro aspecto subxectivo da empresa, son criterios de solvencia e non poderán empregarse como criterios de adxudicación (que só se referirán ao obxecto do contrato).**
- f) **Os criterios de adxudicación:** Indicando se será único (a mellor oferta económica, valorada cunha fórmula obxectiva) ou múltiple (incluíndo outros criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, que se detallarán e describirán, tales como: prazo de entrega ou execución, calidade ou valor técnico do proxecto, asistencia técnica e/ou servizo post-venta, criterios ambientais ou sociais directamente relacionados co servizo ou subministración ofertada; etc...). Neste segundo suposto expresarase o baremo, indicando:
 - **O peso relativo outorgado á proposición económica (que será como mínimo do 60% do total) así como a fórmula obxectiva para a asignación automática de puntuación.**
 - **A descrición e o peso relativo outorgado a cada un dos restantes criterios, así como as fórmulas numéricas e/ou sub-criterios non-numéricos que se empregarán para asignarlles valor aos criterios que non son "de aplicación automática" mediante fórmula.**
- g) **Forma e contido de presentación das ofertas, de maneira que se garanta a igualdade e confidencialidade, polo que se separarán en sobres diferentes, de acordo co seguinte:**
 - **Se unicamente se usa o criterio de prezo, presentaranse dous sobres: o sobre A coa documentación da empresa -ou declaración(s) responsable(s)- xunto cos requisitos de solvencia esixidos; e o sobre B coa proposta económica.**
 - **Se na valoración se contemplan outros criterios -ademais do mellor prezo-, presentaranse tres sobres: o sobre A, coa documentación da empresa -ou declaración(s) responsables(s)- e os requisitos de solvencia; o sobre B, coa proposta técnica e aspectos diferentes do**



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

prezo entre os que estarán aqueles aos que se aplicarán os criterios de “valoración non automática”; e o sobre C coa proposta económica.

- h) Prazo e lugar de presentación das ofertas.
- i) Réxime de admisión de variantes, se é o caso.
- j) Se é conveniente, o criterio de consideración de **ofertas anormalmente baixas**, que conleve a súa exclusión se non se xustifica adecuadamente a anormal baixa de prezo.
- k) A forma en que se dará publicidade ou comunicará aos licitadores o lugar e a **hora de celebración das sesións** de apertura dos sobres, comunicación que se fará, como mínimo, con 48 horas de antelación.
- l) **Garantías**, se a contratación supera os 50.000€.

3. Comisión de contratación

A Xunta directiva do GALP aprobará a constitución dunha comisión responsable da adxudicación, da que necesariamente formará parte a persoa que exerza a xerencia do GALP, e terá unha composición mínima de tres membros dos que un/ha actuará como presidente/a e outro/a como secretario/a. Toda persoa que presente un conflito de intereses deberá absterse de participar na contratación.

4. Valoración das ofertas

A comisión reunirse para **realizar a apertura dos sobres**. Excepto a primeira sesión, correspondente á apertura e análise dos sobres A, o resto de sesións de apertura de sobres **terán carácter público**. A comisión será responsable de examinar e analizar as proposicións segundo o recollido nas bases. Das súas sesións levantarase a correspondente acta.

- a) Na **primeira sesión** abriranse en todo caso os **sobres A**, determinando o cumprimento dos requisitos para concorrer á licitación. Terase en conta que se os requisitos documentais nesta fase se cumpren mediante a presentación dunha declaración responsable, só a **empresa finalmente seleccionada** estará obrigada á **presentación dos documentos acreditativos antes da adxudicación final**.

As empresas que non declaren cumprir ou que non acrediten o cumprimento dos requisitos, serán excluídas.

Se se aprecia algún defecto subsanable na documentación remitida por parte dalgunha das empresas licitadoras, poderá ser requirida para reparar o defecto, outorgándolle un prazo de dous días laborables. Neste suposto convocarase publicamente a segunda sesión para a apertura dos sobres B, con posterioridade á finalización do prazo de subsanación.

Se non é precisa ningunha subsanación, a segunda sesión, para a apertura dos sobres B, **que será pública**, poderá realizarse inmediatamente despois da finalización da primeira sesión e procederase segundo o parágrafo seguinte. O secretario levantará a correspondente acta das sesións.

- b) Na **segunda sesión** abriranse os **sobres B**, que conteñan a **proposta técnica e os méritos e características da proposta valorables e distintos ao prezo**. Esta sesión comezará pola lectura pública das empresas licitadoras que foron admitidas e excluídas como resultado da análise da documentación dos “sobres A”. A seguir procederase á apertura pública dos sobres B das empresas admitidas. E, finalmente, fixarase a data e a hora da seguinte e última sesión, en función dunha estimación do tempo que precise a comisión para a valoración das propostas abertas. Finalizada a fase pública da segunda sesión, a Comisión reunirse para realizar a análise e



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (Incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

deliberación, co obxecto de asignar a cada licitador a valoración que corresponda en función do presentado nos sobres B e do establecido nas bases. Levantarase acta do actuado.

- c) Na última sesión, de carácter público, comezarse por facer lectura dos resultados da valoración do contido dos sobres B. Posteriormente abriranse os sobres que conteñen a **proposta económica** e informarse aos asistentes do seu contido. Posteriormente a comisión asignará a puntuación que corresponda polo prezo en función da fórmula establecida nas bases. (No caso de existir nas bases un criterio para a consideración de ofertas anormalmente baixas, e unha vez aplicado, solicitarase ás licitadoras afectadas a correspondente xustificación da baixa no prezo). Unha vez establecida a puntuación outorgada polo prezo, procederase á valoración final de cada licitador, agregando os puntos de cada fase. Levantarase acta do actuado, con inclusión do resultado final da licitación e a consecuente proposta de adxudicación.

5. Informe final e publicación do resultado

Asinarase pola presidencia da comisión de contratación un **informe final razoado coa proposta de adxudicación**, que recolla todos os aspectos determinantes da avaliación das ofertas, especialmente nos casos nos que a adxudicación se realice a unha empresa distinta a aquela que presentase a proposición máis económica.

Á vista da proposta da comisión, a persoa que exerza a presidencia do GALP asinará a adxudicación final, que se publicará na páxina web xunto coa información relevante sobre o resultado da valoración das ofertas.

6. Execución, xustificación e pagamento

O GALP supervisará a correcta execución por parte da empresa de todo o comprometido nas PT, bas BC e na oferta presentada polo adxudicatario e aceptada polo GALP.

Unha vez cumpridos os compromisos establecidos, expedirá un **informe final de conformidade**, requisito para proceder ao pagamento final.

O informe final de conformidade, xunto coa factura expedida pola empresa adxudicataria, conforme cos requisitos legais, serán on documentos esixibles para o pagamento.

D) Procedemento abreviado a seguir no caso de contratacións de subministración e servizos de máis de 1000€

Nas contratacións de pequenas obras, servizos ou subministracións diferentes ás ordinarias e recorrentes de funcionamento básico das instalacións (enerxía, servizo municipal de auga, etc...), cando superen o importe de 1.000€ (sen IVE), cursaranse invitacións, como mínimo, e sempre que sexa posible, a 3 provedores diferentes e non vinculados, preferentemente do ámbito territorial do GALP. Na invitación cursada polo GALP requirirase de cada empresa o seguinte:

- O orzamento, axustado ás características do produto ou servizo solicitado e descrito polo GALP;
- un **formulario de declaración responsable de non-vinculación entre empresas**



Santiago de Compostela,
A directora xeral

Susana Rodríguez Carballo

15 XUN. 2016



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

ANEXO I

Memoria Xustificativa Inicial ²

GALP.....

Exercicio

1. Obxecto do contrato: (se procede a distribución en lotes deberá identificarse cada lote)

2. Natureza e descrición da necesidade a satisfacer :

3. Pertinencia do gasto/coherencia coa EDLP (vincular a necesidade descrita cos obxectivos, medios precisos, plan de acción e, en xeral, o marco lóxico da planificación aprobada)

² (A empregar directamente, en todo caso, para contratos de obras que superen os 25.000€ e non acaden os 50.000€ e para o resto de contratos -subministracións ou servizos- de contía maior de 9.000€ e menores de 18.000€.

Ademais, pódese adaptar como texto base para os contratos de subministración e servizos de contía maior de 18.000€ e menores de 60.000€)



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

4. Proporcionalidade do gasto e imposibilidade de execución por medios propios (Xustificar que a necesidade non a pode satisfacer o GALP con medios de seu e que é razoable e proporcionada esta decisión de gasto en relación ~~se~~ existen con outros posibles modos de satisfacer a necesidade)

5. Se é o caso, indicar que criterio(s) de adxudicación se terán en conta ademais da oferta económica

6. Orzamento máximo da licitación (por lotes, se é o caso) (Separando importe neto +IVE):

5. Prazo de entrega e/ou duración do contrato

En, de de

A/O xerente do GALP



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

**Participación na presentación de ofertas en procesos de contratación desenvolvidos polos
Gupos de Acción Local do Sector Pesqueiro**

D. /Dna....., actuando en calidade de representante legal da entidade mercantil..... , coa finalidade de facilitar unha contratación con fondos públicos transparente, baseada na libre competencia e a non discriminación,

DECLARA

- 1) Que o obxecto social desta empresa se corresponde co obxecto da contratación
- 2) Que esta entidade mercantil, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP (BOE núm. 276. 16 de novembro de 2011),

(deberá consignarse a continuación o que proceda):

Non está na situación descrita no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo ou concerto de empresas desde as que se poida exercer unha influencia significativa sobre a súa toma de decisións financeiras ou de explotación.

Si forma parte do grupo ou concerto de empresas denominado:

.....

E integrado polas seguintes entidades mercantís: (deberán consignarse a continuación as denominacións sociais que integran o grupo ou das sociedades nas cales conorra algún dos supostos alternativos regulados no artigo 42.1 do Código de Comercio respecto dalgún dos seus socios)

.....

.....

..... (continuar ao dorso se é preciso)

.....

(Lugar)

(Data)

.....

(sinatura)

